

1. No mundo que nos rodea podemos atopar seres

inertes

vivos

as dúas respostas son correctas.

2. Os seres inertes son aqueles que

non teñen vida

non realizan ningunha actividade

as dúas respostas son correctas.

3. Marca cales poden ser seres inertes :

as rochas

as bolboretas

a auga

unha cadeira.

4. Os seres vivos son seres

Complexos

Simples

As dúas respostas son correctas.

5. Os seres vivos estruturan o seu organismo

ao redor da célula

ao redor do corazón

ao redor da terra.

6. Marca os seres vivos unicelulares :

animais

bacterias

plantas

7. Que son os tecidos ?

As células que se agrupan e realizan unha mesma función

As bacterias que se agrupan

As células dos seres vivos que se agrupan xuntas.

8. Os aparatos ou sistemas son

conxuntos de órganos agrupados

conxuntos de seres inertes

conxuntos de seres unicelulares.

9. Relaciona :

os seres vivos necesitan alimentos, que toman do medio, para obter enerxía, crecer e realizar todas as súas actividades e funcións.

Función de relación

Seres heterótrofos

son aqueles que se alimentan doutros seres vivos, dos que obteñen a enerxía e os nutrientes que necesitan

Seres autótrofos

A función de **relación**

son aqueles que se alimentan de materia inorgánica, constituída pola auga e os sales minerais que se atopan no chan ou o dióxido de carbono que se atopa no aire

A función de **reproducción**

Fecundación externa

Fecundación interna

os seres vivos reaccionan ante os cambios que se dan na súa contorna. Por exemplo, os animais poden escapar dos depredadores cando os escoitan achegarse, ou as plantas, como os cactos,

A reprodución asexual

os seres vivos reproducense, é dicir, xeran outros seres vivos similares a eles. Esta función permite que non se extinga a vida no planeta.

A reprodución sexual

A fecundación prodúcese na auga, onde o macho arroxa os seus espermatozoides sobre os óvulos da femia, como no caso dos peixes e os anfibios, por exemplo.

A fecundación realízase no interior do corpo da femia, como no caso dos seres humanos ou os

non require a relación entre dous organismos, senón que un só pode xerar outro ser vivo parecido ou igual a el. Por exemplo, unha bacteria divídese en dúas

require a interacción de dous seres vivos de distinto sexo.